



RÍO LIMIA


Veigas de Ponteliñares

Adela Leiro, Mon Daporta

Distancia: 12 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: 4 horas



Unha camiñada circular polas beiras do río Limia para visitar, percorrendoo a todo o longo, o LIC Veigas de Ponteliñares e un pouco más, nos concellos de A Porqueira e Rairiz de Veiga, facendo no traxecto unha pequena incursión no concello de Bande (Ponteliñares).

O espazo protexido como LIC Veigas de Ponteliñares (2004) é unha pequena área nas veigas do río Limia (130 ha), que se atopan despois da confluencia da canle de desecación da Antela e o río Limia, en terreos de Rairiz de Veiga e A Porqueira. Forma parte tamén da ZEPA A Limia, desde 2009, un territorio más amplio na área que ocupaba a lagoa máis grande de España con 9 km de longo, 5 de ancho e 3 m de profundidade, uns 40 km² de superficie, e unha enorme riqueza biolóxica. Foi desecada polo IRYDA en 1958 para aproveitar o espazo como terreo agrícola. Na actualidade so quedan a canle de desecación e algúns humedais estacionais rodeados de campos nos que se cultivan patacas e cereais. Fora do espazo protexido (Sandiás) hai grandes pozas producidas polas explotacións areeiras, algunha delas acondicionada para a cría das aves.

A importancia deste espazo reside no número de especies de aves acuáticas, esteparias e ligadas ao medio agrícola. É o último refuxio para a, noutros tempos, rica avifauna da Lagoa da Antela e acolle especies escasas ou en perigo, tanto sedentarias como visitantes. (rexistráronse 226 especies, das que 32 están catalogadas no Anexo I da Directiva Aves da UE). Tamén acolle algunas plantas de interese como o xuncu antela (*Scirpus lacustris*), que lle deu nome á lagoa, e o cardo *Eryngium viviparum*, declarado en perigo de extinción.



Cegoña (*Ciconia ciconia*)



Río Limia


PERCORRIDO

Desde a ponte da Ría, na estrada que desde a Sainza de Baixo cruza a a canle do Limia e a Antela ata o Rial, ata a ponte de Ponteliñares e volta. Uns 12 km de percorrido por camiño chan, nalgúns tramos pouco transitado, e 800 m por estrada completan o circuito.




Rio Limia en Ponteliñares






Flores masculinas de salgueiro



Bión ou antela (*Scirpus lacustris*).
O xunco máis representativo da antiga lagoa da Antela.



Río canalizado



Avefría (*Vanellus vanellus*). Aínda que é más común como invernante, sobre todo en anos fríos, aniña na Limia.

